

120.000 QUILOS DE LIXO QUEDARON SEN RECOLLER NA PRAIA EN SAN XOÁN 2015,
PRETO DUN POR PERSOA

Atopaches
unha praia,
non deixes un
vertedoiro.

MOLLATE!

WWW.SANXOANCORUNA.ES
WWW.FESTIVALMARDEMARES.ORG/MOLLATE
#MOLLATE #SANXOAN2016 #NOITEMEIGA





Úneste á campaña por
un #SanXoan2016
sustentable? #Móllate!
polá praia, pola cidade...
E a #NoiteMeiga, é a
nosa responsabilidade

San Xoán, a noite meiga na
Coruña, de sardiñas, cachelas,
ritos e tradicións. De festa cos
amigos na praia ata o amencer...
e de toneladas de lixo ao día
seguinte. Queremos cambiar esta
situación e as solucións están nas
nosas mans. Co este obxectivo
naceu Móllate!, un conxunto de
actividades e accións
medioambientais protagonizadas
pola mocidade da Coruña para
cambiar a conciencia na cidade,
a nosa relación co océano, a
xestión dos residuos, e promover
outro xeito de divertirnos no San
Xoán.

**Lembra, ti atopaches una praia,
non deixes un vertedoiro.**

Zonas de recollida de lixo e repartimento de leña (a partir das 19.30 h)



Recomendacións ambientais para a noite meiga

San Xoán é cousa de festa... E de sentidiño!



1) Sentidiño coas distancias.

Non se debe facer fogueiras a menos de 20 metros dunha árbore ou conxunto de árbores. Arredor de cada fogueira debe haber un espazo libre cun raio de 5 metros.



2) Sentidiño co que é de todos e todas.

Respecta o mobiliario e as instalacións urbanas.



3) Sentidiño co que queimas.

As fogueiras non queren plásticos, cauchos, rodas, colchóns, madeira lacada, envases a presión ou produtos inflamables.



4) Sentidiño cos teus residuos.

Non baixes vidro á area. Separa o lixo orgánico, o inorgánico e o papel e lévao aos contedores correspondentes. Evita os materiais dun só uso, elixe os reciclables.



5) Sentidiño coas árbores e coa vexetación.

Non son postes con pólas e follas, non son para a queima, son seres vivos.



6) Sentidiño con...

Falando claro: a area e o mar non son lugares para aliviar a túa vexiga. Haberá numerosos aseos portátiles.




7) Sentidiño ao rematar a festa.

O lume deberá quedar absolutamente apagado.



8) Sentidiño co planeta.

A que xa sabes como se solucionan os problemas ambientais? Persoa a persoa, compromiso a compromiso, paso a paso, comezando por ti.



Onde podo facer unha fogueira?

Onde o teu sentidiño che indique que non hai perigo ningún. Nin para ti, nin para quen vaia estar de festa contigo, nin para o patrimonio público ou privado, cultural ou ambiental. Se tes algunha dúbida, mellor busca outro lugar, non vaia ser.



Úneste a formar parte do noso comando Mollate!? Colle as pinturas de guerra e sensibiliza a túa contorna. É moi sinxelo:



1. Pensa unha acción, que condensada nunha imaxe ou nun texto axude medioambientalmente á Festa do San Xoán (se é coas ondas azules, mellor)



2. Fai a fotografía e incorpórala as túas redes sociais cos hashtags #mollate #sanxoan2016 #noitemeiga



3. Espalla a idea, anima aos teus círculos sociais e familiares a que se sumen



4. Sigue as redes do Concello e do Festival Mar de Mares para coñecer as últimas novidades!

MOL LATE!

WWW.SANXOANCORUNA.ES
WWW.FESTIVALMARDEMARES.ORG/MOLLATE
[#MOLLATE](#) [#SANXOAN2016](#) [#NOITEMEIGA](#)



 [@CorunaSostible](#)

 [CorunaSostible](#)